

CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO

O PEOR 'JET LAG' DO DIPLOMÁTICO

A primeira etapa de Roberto Varela foi un oitomil: pouco oficio, malas compañías e un sector á defensiva

Foto: D. L. / DAVID MARTÍNEZ / EFE - LAVANDEIRA JR/EFE

um millón de euros de debéda coas comisiones profesionais de teatro. Un recorte do 25% nas axudas ao sector editorial. Seríais dificultades para nomear o director da Agadic. Acordos e trasacordos co xa exército un do CGAC. Ausencias más ben des corteses e presencias pouco oportunas en actos públicos da axenda cultural. Impopulares declaracións aos medios sobre a capacidade da cultura galega de limitar máis ca outras. Golpe de grazia aos premios nacionais antes de que cumpran o seu primeiro ano de vida. E así até a fartura. Os cen primeiros días do conselleiro de Cultura foron calquera cosa menos doados. Talvez o peor *'jet lag'* da súa carreira diplomática. Con todo, Roberto Varela segue no cargo. Non é pouco. A súa xefa de gabinete xa non pode dicir o mesmo.

Boa parte das ataduras que o frean tenían morcer, talvez demasiado. Algunhas seccións do PP non entenderon que quixese democratizar o CGAC convocando un concurso internacional para elixir o novo director e metese a Ramón Villares no padroado, mentres Lopez Chaves esperaba a sua quenda coa follía de servizos completa. O presidente tampouco lle aprobou a súa primeira candidata a dirixir a Agadic, e Varela tivo que fisease de Cristina Patiño para fichar un músico que coñecía pouco antes nun xantar en Santiago. Non é inverso mil pensar que o conselleiro, as veces, prefira estar tan só como cando compareceu no Parlamento. Era o primeiro membro do Goberno que o facía e non o acompañou ningunha. Tampouco lle fixo ninguna falta.

Se puidese dicir o mesmo que o director da Agadic – “tranquilos, non somos o lobo feroz” – cada vez que chama un profesional da cultura para ofrecerlle un cargo na consellería, todo lle había ser más fácil. A ofensiva contra o galego que pilota Xesús Vázquez na porta do lado funciona moi mal como carta de presentación, francamente, e talvez iso ex-

pique que tena que tirar de axenda. É certo que hai fichaxes íntimas polas que a oposición pasa de esguello por respecto e corrección política, pero tamén que unha de cada dous persoas confesan logo de tratarlo que o conselleiro é culto, entusiasta e afable. A outra reza para que saiba manter a súa cota de independencia dentro do Goberno.

O seu debut no Hórreo foi revelador. Non tanto polas liñas estratéxicas como polas entrelíneas do discurso. Pode que Varela chegase á cita cos escanos sen facer os deberes a xento, pero permitir que un conselleiro anuncie que o Centro Dramático Galego vai ter produción propia, cousa que acontece desde hai moitos tempo en Galicia, só pode significar unha cousa: hai xente ao seu carón que deixa os exames en branco a mantenta e asubía para outro lado mentres o xefe tropeza. O resto era previsibel: se Cultura e Turismo van xuntos, como na época de Pérez Varela, a cultura e o turismo teñen que parecerse entre si.

ANO DO LIBRO E A LECTURA

Tamén ficou ás claras no Parlamento que 2010, ademais de Xacobeo, vai ser o Ano do Libro e a Lectura en Galicia. Era, en realidade, a segunda ou terceira vez que o dicía, e non foi a última. Tampouco lle falta valor ao conselleiro a apostar por unha lei aprobada na pasada lexislatura tras un delongado proceso de reflexión colectiva nos sectores implicados. Non por iso, senón porque foi feita a medida do bipartito. Contén liñas de interese xeral para a industria do libro e para o sindicato dos lectores, pero nunca perde de vista unha das temás da anterior etapa: a proxección internacional da cultura nacional.

O adxectivo maldito escápase ás veces no DOG porque as causas de corte van amodo, pero xa non lucirá no edificio da Biblioteca de Galicia no Gaiás nin nos finados premios ex nacionais. Tampouco, ao que parece, nas



AUSTERIDADE

Os recortes nas axudas, como as do sector editorial, xogan na contra do conselleiro

feiras ás que si seguirán asistindo os axentes culturais galegos mentres a Roberto Varela lle deixen pagar os billetes. A austeridade selectiva imposta por Núñez Feijóo vai ser un dos seus peores inimigos durante toda a lexislatura. As axudas á tradución de obras estranxeiras ao galego corren un serio perigo de ficar fóra dos presupostos este ano, e iso que nin Orhan Pamuk nin Le Clézio militaban no BNG. Así, dende logo, é moi difícil. ■

A OPINIÓN DO SECTOR

Xosé Manuel Oliveira 'Pico', actor



“Como presidente da Academia Galega do Audiovisual, hai tempo que espero conocelo. Ate entón, só podo dicir que parece máis culto que outros conselleiros de Cultura do PP”

Cesáreo Sánchez Iglesias, escritor



“Ainda non conocemos propostas concretas, só principios xerais, en algúns casos preocupantes. Todas as consellerías parecen máis ocupadas en anular un goberno que xa non existe que de construír”

Alfonso García Sanmartín, editor



“Roberto Varela cun interrogante. Non sei calles serán os seus atraños a nivel interno, pero de cara a fora, máis alá da austeridade, non se lle conocen proxectos nin intencións concretas”

Uxía Senlle, cantante



“Espero que o conselleiro de Cultura teña un pouco de sentido común e recapacite nas súas teses sobre o cosmopolitismo. Ten que entender que a cultura galega non limita, senón ao revés.”